

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN POLA DEFENSA DUN SERVIZO PÚBLICO DIGNO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción

Exposición de motivos

A biblioteca dunha cidade é un servizo público e fundamental que debera coidarse por calquera goberno que ocupe o Pazo Municipal. No caso de Ferrol, a biblioteca conta con 70 anos de historia, nos que foi incrementando pouco a pouco os seus servizos e modernizándose para adaptarse aos usuarios e usuarias, converténdose nun dos servizos públicos con máis demanda da nosa cidade.

Sen embargo, na actualidade, malia as numerosas advertencias da precaria situación na que se atopa a biblioteca municipal de Ferrol, tanto por parte dos grupos municipais como das organización sindicais, traballadoras do servizo e mesmo persoas usuarias, consumouse o que xa sabíamos que ía pasar: o servizo máis demandado e valorado do Concello de Ferrol, que palía moitas situacións de soidade, que expande o coñecemento e serve de lugar de estudo de moitos dos nosos veciños e veciñas, vese obrigado a pechar as súas portas por falta de persoal en horario de tarde, quedando unicamente ao servizo daquelas persoas que non teñen un horario laboral ordinario.

Logo de anos de constante deterioro e perda de calidade do servizo debido á xestión do goberno municipal, que foi provocando pouco a pouco o peche das salas de informática, a cancelación de determinados servizos coma os préstamos interbibliotecarios ou o abandono das actividades e talleres educativos, vémonos nesta grave situación porque o

gobierno de Ángel Mato foi incapaz de facer o que estaba nas súas mans e fixeron os gobernos anteriores, buscar fórmulas para suplir a merma de persoal do servizo co fin de continuar tendo unha Biblioteca Municipal referente a nivel comarcal, e que continúa sendo o servizo público máis demandado, grazas á profesionalidade dos funcionarios, que manteñen con éxito e vivos programas como Contacontos Atlántica e que, incluso fóra de horario, procuran paliar a negligencia e desinterese do goberno nela e, por extensión, en todo o relacionado na cultura nos últimos tres anos e medio.

Ante esta situación inaudita, Ferrol en Común insta a que nos últimos meses de mandato se poña algunha solución, que blinde este servizo público e garanta a súa continuidade, consensuando solucións co cadro de persoal e co resto de grupos dende xa, poñéndonos a disposición para ofrecer solucións políticas e administrativas que melloren a prestación do servizo e deixen de deteriorar a imaxe exterior da nosa cidade.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Dotar á Biblioteca Municipal de persoal suficiente e especializado para retomar o seu funcionamento normal.
2. Recuperar o sistema de becas coa Universidade da Coruña, o cal beneficia aos estudantes e ao Concello de Ferrol.
3. Reactivar as actividades e talleres educativos que se estaban a desenvolver na biblioteca, con especial atención aos relativos á infancia.
4. Abrir unha vía de diálogo entre o goberno local e as traballadoras da biblioteca municipal co fin de buscar as solucións óptimas.
5. Actualizar a bolsa de traballo específica de axudantes e arquivo de biblioteca, co fin de cubrir os postos vacantes e necesarios na propia Biblioteca con persoal cualificado.

Ferrol, 23 de xaneiro de 2023

Jorge Suárez Fernández
Voceiro do GM Ferrol en Común